



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

XUNTOS POLO NADAL

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria organiza este programa de promoción do envelhecimento activo e convivencia, **destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas.**

BENEFICIARIOS:

- Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Estar empadroadado nalgún concello galego.
- Vivir so no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da estadía.

DATAS E SERVIZOS:

Este programa levarase a cabo entre **o día 23 de decembro de 2022 e o día 7 de xaneiro de 2023** en dúas quendas de 8 días cada unha (7 noites).

A primeira quenda efectuarase no período comprendido entre o 23 e o 30 de decembro e a segunda entre o 31 de decembro e o 7 de xaneiro.

O programa comprende os seguintes servizos:

- Estancia na residencia durante 8 días (7 noites).
- Aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan nas localidades que corresponda (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ourense) ata a residencia de tempo libre que se lle adxudique e viceversa.
- Actividades de animación sociocultural.

PRAZO DE SOLICITUDES E PREZO DA PRAZA:

- O prazo de presentación será **ata o día 28 de novembro de 2022** (incluído). As persoas participantes asistirán de forma **gratuíta** ao programa.

Para calquera información contactar coa Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 17 de novembro de 2022

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

